

## CRITERIOS E PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

### 1º ESO CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

A Programación Didáctica consta de 10 UD. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1, 2, 3 e 4 impartiranse no primeiro trimestre cun peso total do 35%; a 5, 6, e 7 impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 34%, e a 8, 9 e 10 impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 31%. No número de sesións asignado a cada UD contémpanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

#### AVALIACIÓN INICIAL

Neste primeiro curso coincidindo co cambio de etapa e de centro, se procederá a unha avaliación máis minuciosa do alumnado co fin de detectar as necesidades especiais ou problemas de saúde que afecten á práctica deportiva e valorar o nivel de coñecementos e de rendemento motriz co fin de axustar as programacións e as diversas unidades didácticas.

A avaliación realizarase a nivel teórico (coñecementos) e práctico (rendemento).

As probas prácticas basearanse en baterías standarizadas, circuitos ou xogos, para o coñecemento do nivel de condición física, de competencia motriz (coordinación, equilibrio, axilidade¿) e de destrezas deportivas básicas.

A nivel teórico pasarase unha enquisa na que tamén se recollan datos relevantes sobre a saúde do alumnado e da súa experiencia deportiva que poidan condicionar o seu rendemento ou a adquisición das aprendizaxes . Tamén se poderán aplicar test, tarefas escritas ou postas en común orais.

O profesor aplicará os instrumentos de avaliación que considere máis apropiados en cada momento de acordo coas características que aprecie no alumnado ou nos grupos.

#### AVALUACIÓN CONTINUA

Dada a variedade da natureza dos contidos da E.F. e que o traballo de contidos procedimentais e conceptuais non son correlativos nas diferentes avaliacións, a obtención de notas positivas na 2ª e/ou 3ª avaliación non implica a superación das avaliacións anteriores.

Cada un dos aspectos a valorar presentará a seguinte porcentaxe en relación á nota:

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS 50% (5 puntos)

CONTIDOS CONCEPTUAIS 30 % (3 puntos)

CONTIDOS FUNDAMENTAIS 20% (2 puntos)

Con esta medida pretendemos un traballo integral por parte dos alumnos/as, non baseándose naquel aspecto que lle sexa máis doado, que polo xeral tende ser a práctica para aqueles que lles costa estudar, o só a teoría para aqueles con menor competencia e rendemento motor.

A avaliación contará coa seguinte estrutura:

AVALIACIÓN DE CONTIDOS PROCEDIMENTAIS 50% (5 puntos)

AVALIACIÓN DE CONTIDOS CONCEPTUAIS 30%(3puntos)

AVALIACIÓN DE CONTIDOS FUNDAMENTÁIS 20% (2 puntos)

A nota de cada avaliación corresponderá á media aritmética obtida a través das avaliacións en cada un dos apartados (conceptual , procedimental e fundamentais )

AVALIACIÓN DE CONTIDOS PROCEDIMENTÁIS.

Son todos aqueles de carácter práctico obxectivamente avaliábeis e cuantificábeis, que serán cualificados a través de probas prácticas e físicas, baterías e test de condición física, planillas de rexistro e observación, etc. Sendo específicos para cada U.D.

AVALIACIÓN DE CONTIDOS CONCEPTUÁIS.

Son todos aqueles de carácter teórico obxectivamente avaliábeis e cuantificábeis a través de probas e exames escritos e orais, traballos, exposicións etc.. Sendo específicos para cada U.D.

AVALIACIÓN DE CONTIDOS FUNDAMENTÁIS.

Fan referencia a aqueles contidos que de xeito transversal se repiten nas U.U.D.D. (son comúns a todas elas) xa que fanse imprescindibles para poder acadar os obxectivos específicos de cada U.D. e están íntimamente relacionados coa Competencia Clave CSC.

Mención especial os contidos comúns no que se destaca que para superar este apartado o alumno deberá asistir a clase con indumentaria deportiva axeitada, participar de xeito activo no desenvolvemento de cada unha das sesións, amosar actitudes de colaboración, respecto e superación e manter unha hixiene básica.

A súa cualificación será o resultado da observación e seguimento diario de cada alumno quedando rexistradas como incidencias na ficha individual do mesmo/a.

Aqueles alumnos/as que non realicen a práctica correspondente sen causa xustificada ou por non vir coa equipación axeitada, incumplan algún aspecto anteriormente recollido (falta de aseo ou hixiene persoal, non manter as medidas de seguridade recomendadas para a práctica deportiva, discriminación dalgún compañeiro/a na práctica, maltrato de material ou instalacións;) terán unha serie de puntuacións negativas

En relación a isto o baremo de puntuación será restar 0,20 puntos por cada falta.

Os instrumentos de avaliación dos aspectos reflectidos con anterioridade implican a utilización de combinada de diversos instrumentos:

- instrumentos cualitativos ou subxectivos: observación directa, diario de clase, control anecdótico
- instrumentos cuantitativos ou obxectivos: test, exames teóricos, traballos escritos, listas de control

**NOTA FINAL DE CURSO.** Para manter unha coherencia co concepto de avaliación continua, a nota final de curso corresponderá a **MEDIA ARITMÉTICA DAS NOTAS OBTIDAS EN CADA AVALIACIÓN.**

Esta circunstancia implica que pódese dar o caso de que **A NOTA FINAL SEXA MENOR, IGUAL OU MAIOR** ca nota da 3ª avaliación, puidéndose incluso dar o caso de aprobar a 3ª e suspender a final.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Asistir e participar de xeito activo nas clases e nas actividades docentes, amosando interés por adquirir novos coñecementos e habilidades.
2. Amosar respecto e actitudes de colaboración tanto cara aos compañeiros/as, como cara ao profesor/a, ás instalacións, material e equipamentos deportivos.
3. Recompilar actividades, xogos, estiramientos e exercicios de mobilidade articular apropiados para o quecemento e para a volta á calma e realízalos en clase.
4. Identificar os hábitos hixiénicos e posturais saudables relacionados coa actividade física e coa vida cotiá.

5. Incrementa as capacidades físicas relacionadas coa saúde, traballadas durante o curso, con respecto ao seu nivel inicial.
6. Mellorar a execución dos aspectos técnicos fundamentais dos deportes traballados, aceptando o nivel alcanzado.
7. Realizar a acción motriz oportuna en función da fase de xogo que se desenvolva, ataque ou defensa, no xogo ou deporte colectivo proposto.
8. Resolver desafíos físicos de forma cooperativa.
9. Elaborar unha mensaxe de forma colectiva/individual, mediante técnicas como o mimo, o xesto, a dramatización ou a danza ao resto de grupos.
10. Seguir as indicacións dos sinais de rastrexo propias do senderismo ou percorrido polo centro ou as súas inmediacións, resolvendo pequenos problemas suscitados no devandito itinerario.
11. Superar os niveis mínimos requeridos nas probas de condición física: COURSE NAVETTE, lanzamento de balón medicinal, flexibilidade; etc..
12. Acadar uns niveis axeitados na execución das diversas probas de coordinación, axilidade, equilibrio;

## **CONCRECIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Realización de xeito autónomo de diferentes exercicios xenéricos de quecemento e de volta á calma: estiramientos, mobilizacións articulares, desprazamentos;
- 1.1 Realización dunha ficha de quecemento xeral seguindo as pautas de duración, intensidade, partes, na que se recollan e expliquen varios exercicios.
2. Execución de carreira continua, xogos encaminados á mellora da condición física, exercicios de mellora do tono muscular, estiramientos relacionados coa saúde e a postura corporal.
- 2.1. Acadar os baremos mínimos nas probas establecidas para a valoración da condición física.
- 2.2. Identificar e executar axeitadamente estiramientos básicos para os principais grupos musculares: xemelgos, cuádriceps, isquiotibiais, glúteos, lumbar, dorsal, tríceps, bíceps, peitoral, deltoides e trapecio.
- 2.3. Coñecer e diferenciar as diferentes capacidades físicas básicas en diversas actividades, exercicios e/ou deportes.

3. Execución de habilidades ximnásticas básicas: desprazamentos, equilibrios, saltos, xiros, volteos, habilidades coordinativas (vela;)
- 3.1. Realizar habilidades gimnásticas requeridas (volteo hacia delante, giro alrededor del eje longitudinal, equilibrio balanza derecha-izquierda, vela;).
- 3.2. Amosar unha evolución e mellora na execución, control e eficacia das habilidades traballadas.
4. Observación de hábitos de seguridade e hixiene antes, durante e despois das sesións de E.F., indumentaria e equipamento adecuado, coidado e manexo adecuado do material e instalacións.
- 4.1. Asistir coa equipación axeitada para cada clase de E.F.
- 4.2. Asearse e mudar a camiseta trala práctica.
- 4.3. Tratar axeitadamente o material empregado (persoal e do centro) así como as instalacións, favorecendo a súa conservación e durabilidade.
5. Coñecemento e execución das habilidades técnico-tácticas básicas do baloncesto: o pase, o bote, o tiro e entrada a canasta, cambios de dirección, marcaxe e desmarcaxe; así como aplicación e coñecemento do regulamento básico no xogo.
- 5.1. Aplicar as accións técnicas básicas de xogo do baloncesto: pase, bote, entrada a canastra, tiro;
- 5.1.2. Superar os circuitos e/ou probas prácticas segundo marquen os baremos de execución e/ou tempo e amosando unha mellora no control, execución, eficacia... nas habilidades requeridas.
- 5.2. Aplicar o regulamento durante o xogo: coñecer a forma de puntuación, regras básicas.
- 5.3. Coñecer as partes e liñas do campo de baloncesto.
- 5.4. Coñecer a orixe, historia e evolución do baloncesto
- 5.5. Accións de ataque/defensa (marcaxe/desmarcaxe)
- 5.6. Postos e funcións dos xogadores.

6. Comunicación de mensaxes sinxelas a través do uso expresivo do corpo, mediante o xesto e o movemento, coa axuda e en colaboración dos compañeiros/as.

6.1. Realizar as propostas individuais e colectivas propostas do uso expresivo e comunicativo do corpo.

6.2. Poñer en práctica os diversos recursos expresivos do corpo, utilizando o movemento e a expresión mímica como principal canle de comunicación.

7. Relacionar as diversas intensidades da actividade coa frecuencia cardiaca.

7.1. Coñecer os conceptos relacionados coa F.C. (máxima, repouso) e os seus valores de referencia.

7.2. Saber tomarse a frecuencia cardiaca coa finalidade de controlar a intensidade do exercicio

8. Descubrimento das posibilidades que ofrece a natureza para o desenvolvemento de actividades físico-deportivas como a acampada, o sendeirismo, a orientación, o rastrexo

8.1. Realización dos xogos e percorridos de rastrexo propostos, coñecementos dos sinais básicos de rastrexo.

8.2. Recoñecer diferentes actividades e deportes realizadas no medio natural.

RECUPERACIÓN: Probas teóricas con carácter de exame escritos e probas prácticas cuantificables centradas en aqueles contidos non superados.

Seguirán os mesmos criterios de cualificación que os que rixen as avaliacións.

Actividades de ampliación: Probas e traballos de carácter práctico/teórico (cuantificables ata un máximo de 1 punto).

## 2º ESO CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

### AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación realizarase a nivel teórico (coñecementos) e práctico (rendemento).

As **probas prácticas** basearanse en baterías standarizadas, circuitos ou xogos, para o coñecemento do nivel de condición física, de competencia motriz ( coordinación, equilibrio, axilidade...) e de destrezas deportivas básicas.

A **nivel teórico** pasarase unha enquisa na que tamén se recollan datos relevantes sobre a saúde do alumnado e da súa experiencia deportiva que poidan condicionar o seu rendemento ou a adquisición das aprendizaxes . Tamén se poderán aplicar test, tarefas escritas ou postas en común orais.

**O profesor aplicará os instrumentos de avaliación que considere máis apropiados en cada momento de acordo coas características que aprecie no alumnado ou nos grupos.**

### AVALUACIÓN CONTINUA

Dada a variedade da natureza dos contidos da E.F. e que o traballo de contidos procedimentais e conceptuais non son correlativos nas diferentes avaliacións, a obtención de notas positivas na 2ª e/ou 3ª avaliación non implica a superación das avaliacións anteriores.

Cada un dos aspectos a valorar presentará a seguinte porcentaxe en relación á nota:

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS	50% (5 puntos)
CONTIDOS CONCEPTUAIS	30 % (3 puntos)
CONTIDOS FUNDAMENTAIS	20% (2 puntos)

Con esta medida pretendemos un traballo integral por parte dos alumnos/as, non baseándose naquel aspecto que lle sexa máis doado, que polo xeral tende ser a práctica para aqueles que lles costa estudar, o só a teoría para aqueles con menor competencia e rendemento motor. A avaliación contará coa seguinte estrutura:

9.2.1. AVALIACIÓN DE CONTIDOS PROCEDIMENTAIS	
50% (5 puntos)	
9.2.2. AVALIACIÓN DE CONTIDOS CONCEPTUAIS	30% (3puntos)
9.2.3. AVALIACIÓN DE CONTIDOS FUNDAMENTÁIS	20% (2 puntos)

A nota de cada avaliación corresponderá á media aritmética obtida a través das avaliacións en cada un dos apartados (conceptual , procedimental e fundamentais )

### **AVALIACIÓN DE CONTIDOS PROCEDIMENTÁIS.**

Son todos aqueles de carácter práctico obxectivamente avaliábeis e cuantificábeis, que serán cualificados a través de probas prácticas e físicas, baterías e test de condición física, planillas de rexistro e observación, etc... Sendo específicos para cada U.D.

### **AVALIACIÓN DE CONTIDOS CONCEPTUÁIS.**

Son todos aqueles de carácter teórico obxectivamente avaliábeis e cuantificábeis a través de probas e exames escritos e oráis, traballos, exposicións etc.. Sendo específicos para cada U.D.

### **AVALIACIÓN DE CONTIDOS FUNDAMENTÁIS.**

Fan referencia a aqueles contidos que de xeito transversal se repiten nas U.U.D.D. (son comúns a todas elas) xa que fanse imprescindibles para poder acadar os obxectivos específicos de cada U.D. e **están íntimamente relacionados coa Competencia Clave CSC.**

Mención especial **os contidos comúns** no que se destaca que para superar este apartado o alumno deberá asistir a clase con indumentaria deportiva axeitada, participar de xeito activo no desenvolvemento de cada unha das sesións, amosar actitudes de colaboración , respecto e superación e manter unha hixiene básica.

### **Reflicítese nos seguintes estándares de aprendizaxe recollidos no currículo de E.F.:**

- EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.
- EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento
- EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual
- EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas
- EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.



- EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.
- EFB1.2.1. Amona tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.

**A súa cualificación será o resultado da observación e seguimento diario de cada alumno quedando rexistradas como incidencias na ficha individual do mesmo/a.**

- Aqueles alumnos/as que non realicen a práctica correspondente sen causa xustificada ou por non vir coa equipación axeitada, incumplan algún aspecto anteriormente recollido (falta de aseo ou hixiene persoal, non manter as medidas de seguridade recomendadas para a práctica deportiva, discriminación dalgún compañeiro/a na práctica, maltrato de material ou instalacións...) terán unha serie de puntuacións negativas.

En relación a isto o **baremo de puntuación será restar 0,20 puntos por cada falta.**

Os **instrumentos de avaliación** dos aspectos reflectidos con anterioridade implican a utilización de combinada de diversos instrumentos:

- instrumentos cualitativos ou subxectivos: observación directa, diario de clase, control anecdótico...
- instrumentos cuantitativos ou obxectivos: test, exames teóricos, traballos escritos, listas de control...

**NOTA FINAL DE CURSO.** Para manter unha coherencia co concepto de avaliación continua, **a nota final de curso corresponderá a MEDIA ARITMÉTICA DAS NOTAS OBTIDAS EN CADA AVALIACIÓN.**

Esta circunstancia implica que pódese dar o caso de que **A NOTA FINAL SEXA MENOR, IGUAL OU MAIOR** ca nota da 3ª avaliación, **puidéndose incluso dar o caso de aprobar a 3ª e suspender a final.**

**Actividades de recuperación:** Probas teóricas con carácter de exame escritos e probas prácticas cuantificables centradas en aqueles contidos non superados.

Seguirán os mesmos criterios de cualificación que os que rixen as avaliacións.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Asistir e participar de xeito activo nas clases e nas actividades docentes, amosando interese por adquirir novos coñecementos e habilidades.
2. Amonar respecto e actitudes de colaboración tanto de cara ós compañeiros/as como ó profesor/a, ás instalacións, materiais e equipamentos deportivos.

3. Executar diferentes exercicios e actividades de quecemento xeral e/ou específico e de volta á calma, aplicando as pautas para a súa correcta realización.
4. Realizar e diferenciar actividades, xogos e exercicios encaminados ó traballo da resistencia aeróbica e da flexibilidade, valorando o efecto positivo que teñen sobre a saúde e o crecemento e recoñecéndoo a través da frecuencia cardíaca.
5. Practicar os xestos e habilidades básicas de volei de xeito global.
6. Executar de xeito global as diferentes disciplinas de carreiras atléticas.
7. Coñecer e aplicar de xeito global os aspectos técnico-táctico e regulamentarios do hóckei .
8. Coñecer nocións básicas sobre a acampada, supervivencia e sendeirismo, así como outras actividades deportivas e de ocio no medio natural.
9. Valorar as posibilidades expresivas do corpo e amosar interese pola utilización dos recursos expresivos e comunicativos do corpo, a través da realización de xogos dramáticos e do mimo en colaboración cos/as compañeiros/as.
10. Experimentar a relaxación corporal a través da respiración e do control da tensión muscular.
11. Coñecer o protocolo básico de Primeiros Auxilios e saber realizar una RCP, así como as actuacións e pasos a seguir nas lesións deportivas ...
12. Mellorar a coordinación, creatividade a través dos malabares

### **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS STÁNDARES DE APRENDIZAXE E INDICADORES DE LOGRO**

<b>GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>INDICADORES DE LOGRO</b>
1. Execución dos diferentes exercicios e actividades de quecemento e da volta á calma seguindo as pautas xerais para unha correcta execución.	1.1. Realización dunha ficha de quecemento xeral seguindo as pautas de duración, intensidade, partes, na que se recollan e expliquen varios exercicios. 1.2. Execución de quecementos de xeito autónomo durante as clases,

	<p>diferenciando as diferentes partes do mesmo, identificando exercicios, estiramientos para os diferentes músculos, seguindo as pautas de progresión, intensidade e correcta execución.</p> <p>1.3. Execución de xeito autónomo de estiramientos e exercicios na volta á calma.</p>
<p>2. Realización de xogos e actividades relacionadas coa condición física: resistencia aeróbica (carreira continua, adestramento total...) flexibilidade (exercicios estáticos e dinámicos...)</p>	<p>2.1. Acadar os baremos mínimos nas probas establecidas para a valoración da condición física.</p> <p>2.2. Identificar e executar axeitadamente estiramientos básicos para os principais grupos musculares: xemelgos, cuádriceps, isquiotibiais, glúteos, lumbar, dorsal, tríceps, bíceps, peitoral, deltoides e trapecio.</p> <p>2.3. Coñecer e diferenciar as diferentes capacidades físicas básicas en diversas actividades, exercicios e/ou deportes.</p>
<p>3. Execución de habilidades ximnásticas : desprazamentos, equilibrios, saltos, xiros, volteos sobre colchoneta, equilibrio invertido, voltereta rusa, habilidades coordinativas (vela, rueda lateral...)...</p>	<p>3.1. Realizar habilidades gimnásticas requeridas (volteo hacia delante, volteo hacia atrás, giro alrededor del eje longitudinal, equilibrio balanza derecha-izquierda, vela, voltereta rusa, equilibrio invertido, rueda lateral...).</p> <p>3.2. Amosar unha evolución e mellora na execución, control e eficacia das habilidades traballadas.</p> <p>3.3. Executar con corrección e seguindo os patróns motrices os diferentes xestos técnicos e deportivos traballados.</p> <p>3.3. Amosar unha mellora no control, execución, eficacia... das habilidades traballadas</p>
<p>4. Valoración dos efectos de traballo da resistencia aeróbica, da forza, resistencia, velocidade e da flexibilidade sobre a saúde e o crecemento.</p>	<p>4. Recoñecer e identificar a nivel teórico os beneficios e efectos que teñen as diferentes capacidades físicas sobre o desenvolvemento e sobre a saúde.</p>
<p>5. Execución global das técnicas básicas de volei: toque de dedos e man baixa, saque e recepción do balón. Aspectos regulamentarios básicos.</p>	<p>5.1. Aplicar as accións técnicas básicas de voleibol: toque de dedos (colocación), toque de man baixa (recepción) saque básico ou de seguridade, posicións básicas e desprazamentos.</p> <p>5.2. Aplicar o regulamento durante o xogo: coñecer a forma de puntuación, regras básicas.</p> <p>5.3. Coñecer as partes e liñas do campo de volei.</p> <p>5.4. Coñecer a orixe, historia e evolución do volei.</p> <p>5.5. Coñecer os postos, funcións e posicións dos xogadores.</p>

	5.6. Amosar unha mellora na execución, control, eficacia... das habilidades traballadas e superando as probas establecidas según os baremos de execución e/ou tempo.
6. Execución das técnicas básicas das modalidades de atléticas de valos, velocidade e relevos.	6.1. Execución da técnica de carreira de valos. 6.2. Execución da técnica de carreira de relevos: transferencia do testigo, carreira de velocidade... 6.3. Control e concienciación das fases da carreira e marcha. 6.4. Asimilación de exercicios básicos para a mellora da técnica de carreira. 6.5. Control e corrección dos segmentos corporales no patrón motriz de carreira: mellora da técnica
7. Coñecemento e execución global dos aspectos técnico-táctico e regulamentarios do hokei: agarre do stick, conducción da bola, pase e recepción, tackle, tiro a porta, marcaxe e desmarcaxe...	7.1.Executar as acción técnico-tácticas básicas de hokei: agarre do stick, conducción da bola, pase (push e flick) e recepción, tackle, tiro a porta seguindo os patrons técnicos de execución. 71.1. Superar os circuitos e as diferentes probas prácticas de hockei de acordo cos baremos de técnica e tempo establecidos, amosando unha mellora no control, execución, eficacia... nas habilidades requiridas. 7.1.2. Posicionarse de xeito básico no campo de acordo coas situación de ataque-defensa recoñecendo as posicións de marcaxe-desmarcaxe durante o xogo. 7.2. Aplicar o regulamento durante o xogo. 7.3. Coñecer as partes e liñas do campo de xogo. 7.4. Coñecer a orixe, historia e evolución do hockei así como modalidades. 7.5. Coñecer os postos, funcións e posicións dos xogadores.
8. Saltos variados á comba coordinando pes coas mans e coa música, variando os cruces da corda e a alternancia dos pes	7.Realizar saltos dereita, esquerda, pes xuntos, cruzando a corda no salto, dobles voltas...
9. Execución de exercicios de relaxación e control da respiración e do tono muscular.	9.1.Realización das técnicas de relaxación e respiración en actitude de interiorización. 9.2.Identificar e interiorizar o grao de ton muscular en relación coa respiración.

10. Observación dos hábitos de seguridade e hixiene antes, durante e despois da sesión de E.F.: equipamento e indumentaria axeitada, aseo, coidado e manexo axeitado do material e das instalacións.

10.1. Asistir coa equipación axeitada para cada clase de E.F. de acordo coa actividade a realizar.

10.2. Asearse e mudar a camiseta trala práctica.

10.3. Tratar axeitadamente o material empregado (persoal e do centro) así como as instalacións, favorecendo a súa conservación e durabilidade.

### **3º ESO CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.**

#### **AVALIACIÓN INICIAL**

A avaliación realizarase a nivel teórico (coñecementos) e práctico (rendemento).

As **probas prácticas** basearanse en baterías estandarizadas, circuitos ou xogos, para a valoración do nivel de condición física, de competencia motriz (coordinación, equilibrio, axilidade...) e de destrezas deportivas básicas.

A **nivel teórico** pasarase unha enquisa na que tamén se recollan datos relevantes sobre a saúde do alumnado e da súa experiencia deportiva que poidan condicionar o seu rendemento ou a adquisición das aprendizaxes... Tamén se poderán aplicar test ou postas en común orais.

**O profesor aplicará os instrumentos de avaliación que considere máis apropiados en cada momento de acordo coas características que aprecie no alumnado ou nos grupos.**

#### **AVALIACIÓN CONTINUA**

Para acadar unha avaliación positiva teranse en conta os seguintes criterios:

1. Relacionar as actividades físicas cos efectos que producen nos diferentes aparatos e sistemas do corpo humano, especialmente con aqueles que son máis relevantes para a saúde.
2. Incrementar os niveis de resistencia aeróbica e flexibilidade a partir do nivel inicial, participando na selección das actividades e exercicios en función dos métodos de adestramentos propios para cada capacidade.
3. Realizar exercicios de acondicionamento físico atendendo a criterios de hixiene postural como estratexia para a prevención de lesións.
4. Recoñecer, a partir da medición da frecuencia cardiaca, a intensidade do traballo realizado.
5. Reflexionar sobre a importancia que ten para a saúde unha alimentación equilibrada a partir do cálculo da inxesta e o gasto calórico, en base ás racións de cada grupo de alimentos e das actividades realizadas.
6. Realizar secuencias de exercicios de carácter individual que amosen un grao correcto de control corporal e mellora de habilidades coordinativas, rítmicas, expresivas e de equilibrio.

7. Progresar no desenvolvemento dos aspectos técnico-tácticos dos deportes traballados.
8. Coñecer e realizar xogos e deportes tradicionais de Galicia.
9. Completar unha actividade de orientación ou restrexo, preferentemente no medio natural, coa axuda dun mapa e/ou a interpretación dos sinais de rastrexo, resolvendo pequenos problemas suscitados no devandito itinerario, coñecendo e aplicando as normas de seguridade propias das actividades na natureza e amosando unha actitude de respecto cara o medio.
10. Recoñecer as pautas dunha alimentación san e equilibrada e saber aplicar á mesma a pirámide alimenticia.

#### CONCRECIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

1. Executar quecementos de xeito autónomo durante as clases, diferenciando as diferentes partes do mesmo, identificando exercicios, estiramientos para os diferentes músculos, seguindo as pautas de progresión, intensidade e correcta execución.
  - 1.1. Identificar e executar estiramientos de quecemento para cada un dos principais músculos: xemelgos, isquiotibiais, cuádriceps, glúteos, lombares, trapecio, peitoral, deltoides, tríceps, aductores.
  - 1.2. Execución observando os niveis axeitados de intensidade para cada parte.
2. Realización de xeito autónomo de estiramientos e actividades propias da volta á calma.
  - 2.1. Diferenciar as características dos estiramientos que se realizan no quecemento en relación cos que se realizan na volta á calma, en canto duración, intensidade, execución
3. Aplicación e práctica dos diferentes principios e métodos de adestramento da resistencia aeróbica: carreira continua, fartlek, adestramento total... e da flexibilidade: adestramento activo, pasivo...
  - 3.1. Acadar os baremos mínimos nas probas establecidas para a valoración da condición física: course navette e carreira contínua de a lo menos 20 minutos.
  - 3.2. Identificar e executar axeitadamente estiramientos activos e pasivos básicos para o desenvolvemento da flexibilidade dos principais grupos musculares: xemelgos, cuádriceps, isquiotibiais, glúteos, lumbar, dorsal, tríceps, bíceps, peitoral, deltoides e trapecio.
  - 3.3. Identificar e relacionar os diferentes valores da frecuencia cardíaca cos diferentes tipos de resistencia.

- 3.4. Coñecer os valores de referencia no traballo e mellora da resistencia: f.c. de repouso, f.c. máxima, fórmulas de cálculo da f.c. máx.
- 3.5. Regular a intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca.
- 3.6. O pulsómetro como instrumento de traballo no desenvolvemento da resistencia.
4. Coñecemento dos efectos do traballo da resistencia e flexibilidade sobre a saúde.
  - 4.1. Identificar os efectos sobre os diferentes sistemas e órganos.
5. Coñecemento e execución global de aspectos técnico-tácticos e regulamentarios ultimate: lanzamento e recepción do disco, diferentes tipos de lanzamento, acción de marcaxe e desmarcaxe, normas básicas de xogo...
  - 5.1. Aplicar as acción técnicas básicas de xogo do ultimate: agarre, pase e recepción...
  - 5.2. Aplicar o regulamento durante o xogo: coñecer a forma de puntuación, regras básicas.
  - 5.3. Coñecer a orixe e evolución dos xogos e deportes alternativos, entre eles ultimate.
6. Coñecemento e execución global de aspectos técnico-tácticos e regulamentarios do badminton: agarre da raqueta, posición fundamental, saque, diferentes formas de golpes, desprazamentos básicos
